

**AXUDAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS
PLAN ESTATAL PARA O ACCESO Á VIVENDA 2022-2025
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (VI435B)**

Persoas destinatarias

1. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas de natureza privada:

- a. Propietarias ou usufrutuaras de vivendas unifamiliares ou colectivas.
- b. As sociedades cooperativas de vivendas integradas por socios cooperativistas que precisen aloxamento para si ou os seus familiares
- c. As empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias dos edificios.
- d. As persoas arrendatarias de vivendas, no suposto de que as obras ou actuacións non sexan de obrigada execución pola persoa

2. Posuír a nacionalidade española, dalgún dos Estados membros da UE, Espazo Económico Europeo ou Suíza. No caso de persoas estranxeiras non comunitarias, deberán contar con autorización de estadía ou residencia en España.

3. Non ter débedas pendentes coa administración pública.

Requisitos das vivendas

1. Estar rematadas antes de 2006. Non se exixirá este requisito no suposto de que na vivenda habiten persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

2. Que constitúan o domicilio habitual e permanente das súas persoas propietarias, usufrutuaras ou arrendatarias no momento de solicitar as axudas.

3. Para as vivendas colectivas: polo menos, o 50 % da súa superficie construída sobre rasante debe ter uso residencial de vivenda. Polo menos, o 30 % das vivendas constitúan o domicilio habitual dos seus propietarios, usufrutuaras ou arrendatarios no momento da solicitude.

Prazo de execución das obras

O prazo para executar as obras virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que poida exceder de:

12 meses para vivendas unifamiliares ou vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva

24 meses no caso de obras en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

O prazo de execución das actuacións en ningún caso poderá exceder o 28 de outubro de 2024.

Contía das axudas

A contía máxima das axudas non poderá superar os seguintes límites:

Vivendas unifamiliares:

12.500 euros por vivenda.

Ata 15.000 euros por vivenda se reside unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

Vivendas colectivas:

9.000 euros por vivenda e 90 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles.

Ata 15.000 euros por vivenda se reside no edificio unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

Vivenda en edificio colectivo:

6.000 euros por vivenda cando se solicita para actuacións correspondentes a vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

Ata 15.000 euros por vivenda se reside unha persoa con discapacidade e ata 18.000 euros por vivenda se esta acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

O 60 % do custo da actuación. Poderá incrementarse ata o 80 % se na vivenda ou unha das persoas que reside no edificio sexa unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

O custo das actuacións subvencionables poderá incluír os honorarios dos profesionais intervinientes, a redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e tributos, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Lugar e forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. (VI435B). A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e as comunidades de persoas propietarias e as súas agrupacións.

Prazo de presentación

Ata o día 7 de novembro de 2022, ou no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no DOG.

[DOG 189 do 4/10/2022 - RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, con carácter plurianual \(código de procedemento VI435B\). \(xunta.gal\)](#)